

outro de balde. Seguimos sen decatarnos de que se o capitalismo tivese que pagarnos por este traballo non podería seguir acumulando bens.

É necesario **confrontarse contra este sistema capitalista, patriarcal e antigalego**, que xera fame, miseria, desemprego e desarraigo. Mobilizarse polo emprego, contra a precariedade laboral, a desigualdade salarial, a temporalidade, o desmantelamento do estado de benestar, mais reivindicando tamén un reparto igualitario das responsabilidades do coi-

gado, porque a loita polos nosos dereitos segue máis vixente ca nunca.

Por iso reivindicamos a conmemoración do **8 de Marzo** como unha **data combativa**, que visibilice o esforzo das mulleres que loitan contra a opresión, animándovos a participar na **manifestación nacional unitaria do movemento feminista galego** o vindeiro **8 de marzo** que sairá da estación do tren ás 12 h en Compostela, así como nas manifestacións da CIG que terán lugar o **10 de marzo, Día da Clase Obreira Galega**.

Secretaría Confederal da Muller Confederación Intersindical Galega


Alfonso Molina s/n, 8º andar Edificio sindical
15008 A Coruña

Teléfonos: 981 169 293 (centraliña)
981 900 633 (directo)
Fax. 981 151 539

Correos:
muller@galizacig.net



Traballo digno Salario xusto



8 de marzo
día internacional da
muller traballadora



Traballo digno Salario xusto

Desde o momento en que as mulleres nos incorporamos ao mercado laboral até que o abandonamos, a **desigualdade laboral** está presente nas nosas vidas: desigualdade salarial e nas prestacións, maior nivel de contratación precaria e a tempo parcial, maiores dificultades en atoparmos o primeiro emprego e tamén para conseguirmos outro traballo, dificultades para conciliarmos o emprego coa maternidade...

Unha fenda que, ano tras ano, vai alargando e que apenas se nivela ao igualarse (por abaixo), cun **empobrecemento xeneralizado**, tras os recortes, a perda de dereitos, e as reformas levadas a cabo polos gobernos, que, aproveitando a crise económica como escusa, empeoraron as condicións de traballo para incrementaren os beneficios do capital.

Comecemos polos salarios. Aínda que o principio de igualdade retributiva para un mesmo traballo ou para un traballo de

igual valor está recollido desde o ano 1957 nos Tratados e Directivas, segue sen aplicarse.

As mulleres que actualmente teñen unhas cualificacións iguais ou mellores que os homes, en moitos casos debido a unha formación máis extensa, seguen a ser valoradas de distinto xeito e a súa carreira profesional é máis lenta. Así, **nos sectores nos que as mulleres predominan, os salarios son máis baixos** que naqueles nos que son os homes os que teñen unha presenza maioritaria.

Esta discriminación xorde a raíz de distintos factores culturais e históricos que inflúen no xeito en que se fixan os salarios. **As competencias e capacidades das mulleres están a miúdo infravaloradas.** Hai unha predisposición, baseada no xénero, á hora de avaliar o traballo que realizan homes e mulleres: gaña menos unha caixeira dun supermercado que un home que traballa no almacén do mesmo supermercado ou unha limpadora que un traballador do lixo...

Moitas veces agóchase esta **discriminación salarial** a través de pagas extras e complementos salariais arbitrarios, vencellados ao tipo de xornada, sistema de clasificación ou ao rendemento, non hai información sobre os salarios, e os sistemas de clasificacións son opacos. Este **teito de cristal** impide que moitas mulleres accedan aos postos mellor retribuídos.

Por outra banda, como **as responsabilidades familiares non son compartidas de xeito equitativo**, as mulleres interrompen máis frecuentemente a súa carreira profesional e teñen un maior número de contratos a tempo parcial que os homes. Isto supón que as **carreiras profesionais sexan peor remuneradas**, situándose, de media, a diferenza salarial entre mulleres e homes na UE no 16%. Isto repercute nos dereitos de pensión futuras e poden provocar que máis mulleres que homes sufran **pobreza tras a xubilación**.

Porque hai un novo ingrediente que se vén repetindo desde o ano 2007, co inicio da crise, que é o **infraemprego**. Miles de mulleres que constan como traballadoras pero que realmente a súa situación non se pode considerar como tal; estamos falando de 92.839 mulleres que, segundo a Axencia Tributaria, no ano 2013 declara-

ron á Facenda un salario anual de como máximo 1.861 euros. Unha cifra que sería moito máis correcto sumala á poboación desempregada e non á ocupada. De ser así, estaríamos a falar dunha **taxa de paro feminina do 37%**, en vez do 21,7%, co que rematou de media o ano 2014, unha cifra de desempregadas que acadaría as **224.039 galegas**, lonxe das 131.200 que estimou a EPA para o ano 2014. Estas cifras son demoledoras, constatan o empobrecemento e a precariedade do emprego en Galiza, lonxe dos datos achegados por organismos oficiais, que pretenden amosar unha imaxe de recuperación e saída da crise.

Así pois, a pesar de que a incorporación das mulleres ao mercado laboral é real, esta é incompleta, xa que a crise económica, xunto coas políticas levadas a cabo polos distintos gobernos, **crearon un desemprego masivo e estrutural** que aínda que non interrompeu a progresión da actividade laboral feminina, si fixo que esta teña lugar en condicións de **desigualdade e precariedade**.

En definitiva, aínda que as mulleres conseguimos máis autonomía a través do traballo asalariado, o certo é que o fixemos respecto dos homes e non do capital. Moitas de nós seguimos a ter dous traballos, un precario e o

8 de Marzo día internacional da muller traballadora